

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	IES Chan do Monte	Marín	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura clásica	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

O IES Chan do Monte localízase na vila de Marín, localidade íntimamente vencellada co mar e as actividades económicas derivadas: pesqueiras, loxística portuaria, industria conserveira e auxiliar así coma o reclamo turístico das súas praias. O alumnado da ESO chegado ao noso centro provén esencialmente das localidades de Seixo, Ardán e Mogor áreas maioritariamente residenciais vencelladas á vila de Marín e á cidade de Pontevedra para grande parte dos servizos e onde todavía se manteñen actividades de cultivo e gandaría de autoconsumo.

A materia de Cultura Clásica comprende unha bagaxe de coñecementos cuxo eixe central vén constituído polo modo de entender o mundo e o ser humano que tiñan as civilizacións grega e romana. É sabido que as manifestacións desa cultura converxen en varios campos da acción e do pensamento humano, nunha secuencia temporal que chega ata hoxe mesmo e que se estende desde a filosofía e o dereito ata as linguas de moitos países e as súas literaturas, e desde as cidades e a súa organización, o deporte, a educación, ata o mundo da arte, o urbanismo e a vida cotiá. Os froitos da cultura clásica son, polo tanto, unha serie de valores cívicos, sociais e estéticos que determinan en gran medida o modo do ser do ser humano actual, de tal maneira que ese substrato cultural constitúe un elemento vivo na civil a cidadanía da súa pertenza a unha tradición de pensamento que está por encima das propias fronteiras dos Estados.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciabile para a cidadanía europea.

Neste curso temos matriculados 5 alumnos en Cultura Clásica.

Este curso teremos sempre clase na mesma aula (Aula de Música); este dato é importante porque, deo volente e co visto e praxe da profesora de música, poderemos ter unha pequena biblioteca e material que axude no proceso de ensino aprendizaxe.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Lugares e feitos	1. A orixe 2. Prometeo e a súa descendencia 3. En Roma 4. SPQR Situacións de aprendizaxe: 1 (Unha gran familia de linguas?) e 2 (Olympus, a vosa serie celestial)	33	35	X		
2	Os traballos, os días	5. As divindades son propicias 6. Asuntos amorosos 7. Que día é hoxe? 8. A sentenza é? Situacións de aprendizaxe: 3 (A morte tiña un precio), No agro ou na cidade? Unha vivenda clásica, e 5 (Produtos de proximidade chegan a túa mesa )	34	35	X	X	
3	Cidades, artes e enxeño	9. Teñen superpoderes 10. Transformacións sorprendentes 11. Onde imos hoxe? 12. Más aló da morte Situacións de aprendizaxe: 6 (Si as buscas, atoparalas)	33	35		X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Lugares e feitos	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Sinalar nun mapa os marcos xeográficos de Grecia e Roma e a súa extensión ao longo da súa historia.	PE	60
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.		
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.		
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Situar nun eixe cronolóxico os principais feitos históricos de Grecia e Roma, mencionando aos principais personaxes.		
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Extraer as características das formas de organización política do mundo clásico, mencionando semellanzas e diferenzas cos sistemas actuais.		
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Representar en esquemas e árbores xenealóxicos as familias lingüísticas, en especial as de uso propio.	TI	40
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	Descubrir a historia das palabras da propia lingua mediante a descrición da evolución fonética das vogal e as consonantes simples latinas.		
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Identificar as pegadas da presenza grega e, en especial, a romana en Hispania.		
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Mencionar os nomes gregos e latinos das divindades principais.		
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	Distinguir diversos tipos de escritura. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.		
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	Identificar as características da épica grega e latina, así como da historiografía mencionando algún dos seus expoñentes.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Usar as principais fórmulas de saúdo		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Describir trazos da organización política grega e romana, en manifestacións e formas políticas da actualidade.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Identificar a presenza de divindades, temas literarios e mitos en manifestacións artísticas actuais.		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Explicar que trazos da historia de Grecia e Roma persisten no noso tempo.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	CA6.4. Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación. TI Usar fontes de información diversas sobre as civilizacións clásicas valorando criticamente os datos extraídos. 2%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.</li> <li>- Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</li> <li>- Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</li> <li>- Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano.</li> <li>- Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade.</li> <li>- Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións.</li> <li>- Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes.</li> <li>- Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.</li> <li>- As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.</li> <li>- As linguas romances.</li> <li>- Composición e derivación culta de orixe grega e latina.</li> <li>- Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.</li> <li>- Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.</li> <li>- Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica.</li> <li>- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.</li> </ul>

**Contidos**

- Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.
- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.
- Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.
- Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
2	Os traballos, os días	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais. PE Describir as características da relixiosidade e da relixión gregas.	PE	57
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Distinguir os trazos da relixiosidade romana e identificalos do culto oficial e o privado		
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Establecer as características das clases sociais en Roma mencionando algún fito importante.		
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Describir os papeis asignados aos membros da familia romana.		
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	Completar textos e situacións comunicativas con latinismos, descubriendo a orixe de palabras patrimoniais atendendo á evolución fonética.		
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	Identificar, en textos de xéneros teatrais e narrativos, actuais temas, personaxes e características clásicas.		
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Descubrir a orixe grega dalgunhas manifestacións deportivas actuais, e a orixe dos Xogos Olímpicos	TI	43
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Usar termos cultos grecolatinos en contextos científico-técnicos como discursos, informes e exposicións.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Explicar que características da civilización clásica aprécianse nos ámbitos da arte e da sociedade.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Identificar temas e personaxes mitolóxicos en manifestacións artísticas actuais e de calquera ámbito.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Localizar personaxes e temas en dicionarios de mitoloxía tradicionais e on line, sabendo extraer os trazos principais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade.</li> <li>- Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos.</li> <li>- Relixión romana: culto público e privado.</li> <li>- Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude.</li> <li>- A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller.</li> <li>- Composición e derivación culta de orixe grega e latina.</li> <li>- Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.</li> <li>- Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.</li> <li>- Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica.</li> <li>- Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.</li> <li>- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.</li> <li>- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> <li>- Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Cidades, artes e enxeño	35

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Identificar en manifestacións artísticas actuais características extraídas de modelos clásicos.	PE	60
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Recoñecer elementos arquitectónicos de tempos e edificios clásicos en construcións posteriores.		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñecer as principais representacións escultóricas.		
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Nomear características das cidades gregas e romanas, e das calzadas romanas, apreciándoas en mapas e planos actuais.		
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Explicar formas de lecer dos clásicos e comparalas coa actualidade.		
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	Empregar palabras cultas (latinismos e helenismos) adecuadas para describir obras artísticas.		
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	Identificar as características, temas e tópicos líricos en textos actuais.	TI	40
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Caracterizar aos principais heroes e heroínas da mitoloxía grecolatina, buscando a súa paranagón na actualidade.		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Describir algúns dos principais monumentos clásicos do patrimonio galego, español e europeo.		
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	Conversar sobre costumes e hábitos relacionados coa alimentación.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Recoñecer e poñer de manifesto en debates e diálogos aspectos relacionados coa arte e a oratoria clásicas.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Identificar e apreciar en obras artísticas contemporáneas temas e personaxes mitolóxicos.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Localizar en fontes de información de diversa índole datos sobre a perduración da civilización clásica na contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade.</li> <li>- Fundamentos e etapas da arte clásica.</li> </ul>

## Contidos

- Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.
- Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.
- Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.
- Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto.
- Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.
- Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.
- Composición e derivación culta de orixe grega e latina.
- Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.
- Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.
- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.
- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.
- Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.
- Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

As liñas principais de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe serán:

- O traballo en relación con materias lingüísticas e humanísticas para conectar a Cultura Clásica con elas co fin de aumentar e mellorar o coñecemento sobre a cultura da Antigüidade e a reflexión sobre a súa perduración ata os nosos días.
- A planificación dos obxectivos de Cultura Clásica tendo en conta as posibilidades de traballo cooperativo con outras materias: Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas etc.
- O uso das tecnoloxías dixitais para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo, propiciando con iso o afondamento nas técnicas de procura, selección e presentación da información tanto de forma oral como escrita ou visual.
- O emprego de recursos como a cartografía e a elaboración de eixes cronolóxicos tanto en formato papel como mediante recursos en liña, aplicacións que permiten percorridos virtuais polas localizacións máis destacadas do mundo grecorromano e visualizar vídeos sobre os contidos referidos especialmente ao primeiro bloque, así como dos lugares de culto marcados por unha contorna xeográfica moi particular, e grazas a iso poderá conectarse a xeografía coa arqueoloxía, a relixión ou a mitoloxía, especialmente no caso do mundo grego.
- Vincular o desenvolvemento da materia á lectura de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano (fragmentos de obras orixinais, adaptacións, textos historiográficos etc.) para traballar transversalmente a comprensión lectora, de tal maneira que sexa a lectura a que dea pé á explicación dos contidos, como elementos referenciais precisos para entender os textos. Esta metodoloxía permite traballar a mecánica da lectura (tanto silenciosa como en voz alta) e a comprensión lectora; facer un achegamento á crítica textual en conexión coas materias de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura; incentivar a participación na aula do alumnado a través

da expresión de ideas e reflexións, facendo especial fincapé no desenvolvemento da capacidade comunicativa en público e procurar un achegamento innovador e experimental nunha materia que se presta a iso.

- Experimentar con outras metodoloxías como o traballo por proxectos significativos para o alumnado, a clase invertida (flipped classroom), a aprendizaxe colaborativa, a lu-dificación etc. Estas metodoloxías permiten maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimizan resultados e fan o proceso de ensinanza máis inclusivo e variado reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos dixitais- Libro dixital Edebé
Aula virtual do centro

Recursos dixitais

Plataforma EdebeON+.

Libro dixital Edebé

Aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir aos alumnos na linguaxe de programación, kahoot ou pickers para realizar actividades de revisión e avaliación, entre outras.

Recursos tecnolóxicos

Computadores, robots educativos, tableiros dixitais, proxectores, tabletas, lentes e materiais de realidade virtual, lousas programables, placas de programación (Arduino, micro:bit, Makey-Makey...), etc.

Recursos espaciais

A propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos do contorno.

Recursos persoais

Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden no noso labor como docentes

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica.

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais ou dificultades de aprendizaxe.

- Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

De cada alumno en particular

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.

- Probas de avaliación inicial.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou endeterminados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>33</b>	<b>34</b>	<b>33</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	57	60	<b>59</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	43	40	<b>41</b>

### Criterios de cualificación:

#### CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

60%- Probas escritas.

As probas escritas serán fixadas coa suficiente antelación acordando a data entre o alumnado e o profesorado da materia. .Caso de que non haxa acordo prevalecerá a decisión do profesor ou profesora que seguirá criterios didácticos ao respecto.

Haberá como mínimo unha proba por avaliación. De seren máis pobras faríase a media entre elas.

40% Táboa de indicadores.

#### CUALIFICACIÓN FINAL

Será o resultado da media aritmética das tres avaliacións aplicando a seguinte fórmula:  $(1.ª \text{ aval.} \times 0,33) + (2.ª \text{ aval.} \times 0,34) + (3.ª \text{ aval.} \times 0,33)$

1.ª avaliación achega o 33 % da cualificación final.

2.ª avaliación achega o 34 % da cualificación final.

3.ª avaliación achega o 33 % da cualificación final.

Na avaliación final poderá redondearse a nota cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 5, é dicir, 6,49 será 6 e 6,50 poderá redondearse a 7, sempre a criterio do profesorado.

#### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas adaptadas aos contidos de cada subunidade..

2. Táboas de indicadores como rúbricas, listas de cotexo, observación directa, etc. para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliación da cada UD.

### Criterios de recuperación:

Realizarase ao final de cada trimestre unha proba escrita con cuestións referidas a todos os contidos explicados ata ese momento a modo de recompilación das distintas subunidades desa avaliación que servirá ao alumnado como recuperación dos apartados non superados durante o trimestre no caso de que a cualificación do trimestre sexa inferior a 5. Asemade, para o resto do alumnado que obtivese unha cualificación superior a 5, esa proba serviría para incrementar a súa cualificación nese trimestre.

Antes da avaliación final haberá novas probas de recuperación individualizadas para o alumnado que non superou determinadas subunidades didácticas no caso de que a cualificación final non chegue a 5.

A nota obtida nas probas de recuperación substituirá a nota anterior das correspondentes UD e aplicaríanse as fórmulas correspondentes para recualificar e recuperar a materia.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Actualmente non hai ningún alumno nesa situación.

Segundo establece a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación no seu artigo 51<sup>º</sup>, elaborárase o plan de reforzo para cada alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
  - b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
  - c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
  - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
  - e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
  - f) Tarefas para realizar, coa debida temporización boletíns de exercicios, libros de lectura con cuestionarios de seguimento da súa lectura e probas escritas sobre os contidos dos boletíns.
  - g) Seguimento e avaliación.
  - h) Acreditación da información á familia
- Concretar que tipo de tarefas terán que realizar os alumnos.

O que supere o citado plan, superará a materia. No caso de non superalo, terá dereito a recuperala mediante unha proba final

A nota será produto da media aritmética de todas as notas obtidas nas probas propostas durante o curso.

### 6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias. No momento de presentar esta programación, a docente aínda non ten información sobre ningún alumno ANEAE.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, aprofundando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ao medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

- Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, ou Voz Natura, entre outros.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.		X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.		X	X
ET.9 - A creatividade.	X		X
ET.10 - A educación para a paz.	X		X

#### Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, a xustiza, a igualdade, ao pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de teatro grecolatino.	Asistencia ás obras de teatro clásico e visita á cidade que alberga o Festival, no mes de marzo, normalmente.		X	
Ahora mismitos	Espectáculo sobre una actualización de los mitos		X	
Conmemoracións	Participación en actividades incluídas no Proxecto da Biblioteca e no Equipo de Dinamización lingüísticao	X	X	X

### Observacións:

Algunha outra actividade como asistencia a exposicións, charlas ou saídas á contorna que poidan xurdir durante o curso.

A temporización do espectáculo Ahora mismitos depende da disposición do autor

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1 Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
Metodoloxía empregada
2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos.
4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
Medidas de atención á diversidade
5 Resultado das medidas de atención á diversidade.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.

### Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a

evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarase nas reunións que o Departamento celebra, como mínimo cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións, así como en calquera momento no que os membros do Departamento o consideren oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

## **9. Outros apartados**